

Ocupan a sede de Caixanova en protesta polos despedimentos nas auxiliares



[1]

Sindicalistas e delegados/as da CIG-Servizos pecháronse temporalmente na sede central de Caixanova en Vigo o 28 de outubro para rexeitar os despedimentos previstos nas contratas da limpeza e seguridade. Do mesmo xeito, a central nacionalista urxe a apertura inmediata dunha negociación para abordar o futuro dos 300 postos das auxiliares desta entidade, ameazados tralo proceso de fusión das caixas.

29/10/10.

Máis de medio de delegados e traballadores afectados permaneceron no interior da sucursal durante unha media hora. Posteriormente foron recibidos polo responsábel de recursos humanos, que se comprometeu a trasladar a petición de xuntanza aos seus superiores.

Os concentrados portaron unha faixa co lema *Non aos despedimentos na limpeza e seguridade nas caixas* e proferiron consignas contra os despedimentos e a favor dun proceso negociador.

Novas relacionadas: [CIG-Servizos mobilízase contra o recorte horario na limpeza bancaria](#) [2]

[A limpeza de Caixanova e do BBVA recorta horas aos traballadores/as](#) [3]

Ligazóns:

[1] <http://www.cigservizos.org/node>

[2]

<http://www.cigservizos.org/nova/2010.01.19/cig-servizos-mobilizase-contr-o-recorte-horario-na-limpeza-bancaria>

[3] <http://www.cigservizos.org/nova/2010.01.07/limpeza-de-caixanova-e-do-bbva-recorta-horas-aos-traballadoresas>